

# Amor con remitente

Mencia Gorge Cabaleiro

“Cando o primeiro raio de luz entrou pola ventá da miña biblioteca aquel catro de xaneiro, comprendín que xa pasaran cen anos dende a miña morte. A butaca na que me recostaba recendía a po e a sala na que me atopaba estaba repleta de cordas vermellas impedindo o paso aos andeis máis valiosos. Coa axuda do bastón apoiado sobre a mesa que tiña á dereita puíden chegar ata uns carteis, que nunca antes víra. Neles alcancei a ler algúns datos sobre a miña vida que, tras cen anos de longo sono, a miña cabeza case non lograba recordar. Nos textos, nun estraño formato, cunhas letras de cor negra practicamente perfectas e semellantes ás dunha máquina de escribir, aínda que non iguais, puíden ler acerca das cartas que mandara fai tantos anos aos meus amores. Rememorei os momentos nos que, xa ben entrada a noite, sentaba na butaca da miña casa e, á luz dunha candeia, escribía á miña querida Emilia durante horas e horas ata que, de tan canso que estaba, caía rendido sobre a tinta do plumeiro.

Mírei absorto a sala sen entender algunhas das reformas que nela observaba, como aquelas esferas de cristal que colgaban do teito ou aqueles pequerrechos cadrados brancos na parede unidos a uns tubos de aspecto alarmante que se conectaban ás anteriormente nomeadas esferas, probablemente para activalas. Sabía que no futuro no que me achaba poderían ter pasadas moitas cousas, cousas que variarían o aspecto do meu fogar respecto de cando era mozo. De súpeto, unha idea xurdiu na miña cabeza. Unha idea que semellaba imposible... Ou non. Porén dende logo, unha idea que valía a pena intentar.

Comecei a lembrar a información que, xusto antes de caer no sono de cen anos no que me mantivera ata hoxe, me comentaran acerca do que se podía facer unha vez cumprido ese tempo dende a miña morte. As normas estaban claras: o meu corpo ocupaba lugar no espazo aínda que sería invisible e inaudible aos ollos e aos oídos de calquera mortal, non podería saír fóra do país no que morrera e só podería pasar tres días ata que marchara. Despois non podería retornar endexamais. Eran tres días que tiña que aproveitar ao máximo. Sen dubidalo nin un segundo máis, considerei, pensador como era, percorrer primeiro aquela casa na que nacera e marchar, acto seguido, á casa do meu amor máis querido: Emilia Pardo Bazán. Esta primeira expedición que realiceí foi curta: observei as estancias (en especial o meu cuarto), algúns dos meus libros favoritos e, sen pararme moito máis, tomei rumbo a Galicia, onde se atopaba o Pazo ao que quería chegar. Aínda que era invisible, os meus “poderes” non chegaban á teletransportación polo que decidín que o máis útil sería ir en barco dende Gran Canaria ata Galicia.

O camiño ata o porto foi extremadamente difícil e nada agradable. O traxecto estaba cheo dunha especie de coches, nada parecidos aos da miña época, que ían a velocidades de lóstrego. Todos e cada un deles parecían suicidas que pretendían rematar non só coa súa vida, senón coa dos demais tamén, en especial esta miña, a última e a máis breve. No peirao tiña que encontrar un barco directo a Galicia. Fiquei fronte a un dun tamaño equivalente a dúas ou tres casas como a miña e cunha bandeira branca cruzada por unha liña azul ceo. Recoñecina ao instante e, sen pensalo dúas veces, subín nesa titánica nave e busquei un recuncho no que sentarme sen ser molestado. Decanteime por unha planta baixa semellante a unha hodega repleta de automóviles como os que ocupaban os camiños, e sentei-me nun banco algo desfeito.

Tras varias horas de traxecto nas que non parei de dar voltas observando eses estraños vehículos, pareceume que o descomunal barco quedara quieto. Subín polas escadas máis próximas e, case sen alento, tiven que afogar un suspiro de morriña. Consegui adiantarme a toda a xente que facía cola por saír e corrín durante varios minutos gritando de ledicia ao regresar a unha terra tan querida por min. A xente pasaba ao meu carón allea a todo mirando ou falando a uns curiosos e pequenos retablos luminosos que levaban nas mans e que parecían telos enmeigados. Aínda que noutros momentos quizais investigaría curioso o que eses estraños obxectos representaban, centrei-me unicamente no labor que me encomendara a miña conciencia.

Unha guagua de tamaño tamén descomunal estaba coroado por un fastoso cartel que rezaba: **VASSIA AO PAZO DE MÉRAS**. Tivera sorte desta vez! Sen esperar a perder esta oportunidade única, alcancei o transporte e subín por unha porta dianteira que estaba aberta de par en par. No interior, cunha chea de asentos, decidín que esperaría ata que se enchera para escoller algún que, con sorte, non estivera ocupado. Non pasou moito tempo ata que, xa recostado nun asento que semellaba de veludo, comecei a observar as verdes paisaxes moverse a un ritmo de vertixe. Parecía cousa de maxia! Pasadas varias horas, nas que aproveitei para tentar recordar todo aquilo que na miña vida me permitira ser plenamente feliz, o coche de liña cesou no seu movemento. Unha ondada de persoas saíu como nenos ilusionados polas dúas portas que, nun movemento veloz, deixaron paso a eses devezos. Unha vez que todos, excepto o condutor, puxeron o pé nas posesións da miña amada, saín eu tamén, sen poder conter o nerviosismo.

Os meus ollos puideron observar no horizonte o gran Pazo que tantas veces visitara no pasado e, moitas máis, en soños. O grupo co que viaxara quedou baixo unha árbore, tomando algo que semellaba ser limoada. Aproveitei para adiantarme e poder visitalo sen ser molestado. Camiñei entre as milleiras ata o muro que o protexía dos intrusos e, unha vez alí, saltei cara o outro lado. Camiñei pola herba ben cortada rememorando aqueles momentos nos que, sempre que podía, regresaba onda a miña amada. Eses momentos nos que corriamos nunha mesma dirección ao divisarme no camiño e, ao chocar, caíamos no manto verde e riamos sen parar durante minutos que, soñaba, duraran para sempre. As lembranzas afloraban e non me deixaban apenas respirar aínda que, en palabras dun morto, isto non ten moito sentido: era unha sensación desacougante. A morriña deixaba paso a todo un camiño de sentimentos e emocións nas que as bágoas, que fluían polas miñas meixelas, nubrábame a vista e só me permitían ver unha cousa: a Emilia nos meus brazos.

Ao chegar ao gran portón que tiña por entrada decateime que non sería tan sinxelo como supoñía. Esperar polo grupo de turistas era unha boa opción, pero eles podían tardar moito e o meu reloxo avanzaba cun apresuramento desbocado no sentido contrario ao desexado. Así que decidín dar unha volta arredor, en busca de fiestras, portas ou ocos polos que introducir o meu canso corpo. Mentres percorría o xardín, unha pregunta aflorou na miña cabeza: quen sería neste instante o propietario das Torres? Esperaba que nelas vivira algún dos seus netos. Non podía imaxinar a ilusión que me produciría ver a alguén co mesmo sangue de Emilia correndo polas súas veas, como eu corría sempre na procura do Meu Amor. Se non fose así, recapitulei, esperaba que pertencesen ao pobo que ela tanto amara: que puidesen consultar a súa inmensa biblioteca e admirar os seus innumerables salóns. Pareceríame case tan marabilloso como o anterior.

Con estes e outros pensamentos alcancei unha portela traseira camuflada entre as verdes enredadeiras. Cruzando os dedos, empurrei e... cal foi a miña sorpresa cando a porta abriuse sen apenas esforzo! Ao fin estaba dentro. A miña última vontade estaba a facerse realidade. Atopeime unha sala que recoñecín como a que Emilia nomeara en diversas ocasión e que permitía a entrada ao persoal de servizo sen ser molestada. Polo seu decadente aspecto semellaba que os actuais propietarios non debían coñecer a existencia desa porta e, por tanto, desa sala: era un oco cheo de telas de araña, po e humidade; nun recuncho achábase o esqueleto dunha cadeira de madeira; todo o chan estaba cuberto de farrapos de diversas cores e dos teitos colgaban vasoiras e fregonas; e había tamén gran cantidade de cubos e xabóns de todos os tipos. Chamou a miña atención un estraño e deprimente tapiz colgado de dous ganchos que parecía feito de restos de trapos ou toallas. Foi como sumar dous e dous decatar-se de que tras eses farrapos mal cosidos se encontraba o túnel que me guiaría ao interior do Pazo. Asegureime de pechar ben a porta; se non fora descuberta aínda, non quería que o fixesen precisamente pola miña culpa; e penetrei no pasadizo. Batín de cu varias veces e de focíños outras tantas. A humidade, as pedras do chan, a escuridade e, atreveríame a dicir, as estalagmitas facíanme esvarar unha e outra vez, pero me levantaba e seguía.

Pasaron uns minutos e varias caídas ata que choqueei contra algo. Palpándoo, descubrín que se trataba da porta, a porta de acceso, dende logo. Localiceí o pomo e, tras varios renxidos, esta cedeu e volvíu a afociñar no medio das escaleiras principais. Felicitei mentalmente aos arquitectos polo súa capacidade para ocultar durante todos este anos este segredo que realmente estaba tan a vista. O primeiro que chamou a miña atención foi un busto dun home para min descoñecido, situado xusto ao carón do lugar polo que acababa de saír. Tiña unha pose autoritaria e algo temeraria. Pensei que quizais se tratase dun dos familiares do Meu Amor. Ou quizais non. Recomposto, levanteime e comecei a facer memoria para situar o lugar ao que quería ir: a gran biblioteca. Por máis que o tentei, non conseguín chegar a un resultado claro: sería á dereita ou á esquerda? Arriba ou abaixo? Decidín que o máis sinxelo sería percorrer a morada ata atopala. Sabedor de que esta era de grandes dimensións e que a expedición non sería curta, collín aire e hotei a andar. Asomeime aos distintos cuartos. Estes contaban na súa gran maioría, con esas cordas e eses carteis que mirara tamén na miña casa de Gran Canaria. "Isto ten que ser para os turistas", dixeranme. Tamén contaba con todo tipo de esferas de cristal colgadas do teito e outros tantos cadrados brancos na parede. A casa non parecía de todo vivida: semellaba ter propietario, pero non que habitase alí.


Ao fin descubrín o cuarto que levaba tanto tempo buscando: a gran biblioteca. Entrei con moita ilusión e camiñei polo seu alfombrado chan. Senteime nas súas butacas e fíquei sorprendido ante un gran artefacto rectangular de cor negra que ocupaba unha esquina. Encamiñeime á mesíña na que gardaba todas as cartas que eu lle mandara tantos anos atrás. A emoción subía polo meu corpo e concentrábase na miña gorxa. O caixón rechinou un pouco e... Nel observei unicamente unha especie de cilindro algo aboiado, de cor negra e con moitos puntos de cores en relevo semellantes a botóns. Agora non era emoción o que corría polas miñas veas, senón rabia, carraxe. E medo. Fíntei respirar calmado e pensar onde poderían estar. Quizais estarían expostas nalgún lugar do Pazo. Non sería estraño tendo en conta que este se convertera en algo semellante a un museo. Busquei por toda a casa, recorrína varias veces, abríñ os seus numerosos caixóns... Pero as cartas non estaban en ningures. Cheguei ás escaleiras centrais e, sen poder evitalo, sentei á vez que as hágoas caían polas miñas meixelas, esvarando...

De súpeto, a porta principal abríuse e o grupo de turistas pasou ao interior. Estaban fascinados. Miraban a todas partes e sacaban fotos coas súas estrañas cámaras. O que semellaba ser a guía explicaba a historia da casa e as distintas partes desta. Unha idea apareceu na miña cabeza. Quizais ela soubese algo das cartas e as nomease nalgún momento da visita. Non tiña nada que perder. Debían ser a unha ou as dúas do mediodía do último día da miña última vida. Camiñei canso tras o grupo mentres escoitaba algunhas explicación acerca de Emilia, de min, do Pazo... A maioría eran certas pero había algúns datos nas que estaba errado. Cando chegou á biblioteca crucei os dedos; era a miña última oportunidade. Comezou soltando unha extraordinaria explicación, aínda algo extensa dado o meu apresuramento, acerca dos libros e do seu valor. Ata que as nomeou.

“Non esquezades que, como ben os dixen ao principio da visita, este Pazo pertence á familia de Franco e que, pese a todos os intentos para recuperalo, non son quen. Coa chegada de Franco as Torres, ocorreu algo horrendo: as cartas que Don Benito Pérez Galdós lle escribira ao seu amor Dona Emilia Pardo Bazán foron destruídas pola muller de Franco, creemos que polo seu contido, que incluso poderíamos cualificar de erótico” pronunciou a guía con gran solemnidade.

Eu mirei o caixón consternado. Non sabía quen fora Franco nin quen fora a súa muller. O único que me importaba era saber como alguén podía destruír a propiedade de outros sen pedirlle permiso. E máis se se trataba de algo tan persoal como as cartas de amor dun defunto. Quedaban menos de dúas horas para a miña definitiva ida e todo polo que loitara derrubárase. Só podía facer unha cousa. Para iso precisaba documentarme. Precisaba coñecer a data da morte do Meu Amor. O momento no que ela volvería ao Pazo e no que descubriría a gran traxedia. Non foi difícil achar esta información. Fronte ao cuarto no que ela acostumaba durmir, atopábase un cartel cunha pequena biografía e os seguintes datos:

Nacemento: 16 de setembro de 1851 - Falecemento: 12 de maio de 1921



*Isto só indicaba unha cousa. Se morrera un ano despois de min, viría as Torres un ano máis tarde. Aínda que era unha mágoa non poder vela en persoa, podería facer o que tanto me gustaba facer: escribir. Escribir... unha derradeira carta para ela. Para ti se a estás a ler, tal e como desexo. O último que alcanzo a dicirte, Meu Amor, é que saibas que, aínda morto, o meu corazón late por ti. Tombado na que fora o teu leito mentres escribo, quero que saibas que todo o que pasou non é xusto para ningún dos dous. O tempo corre e parece que o meu corazón comeza a esvaecerse así como o resto do corpo. O último que farei nesta última vida é deixar a carta no caixón que sei que abrirás. Espero que esta misiva a atopas ti e non eles. Se finalmente son eles quen a descubren, saberán o gran pesar que causaron ao destruír as probas do noso amor.*

*Agora encamiñareime amodiño a deixala antes de que sexa tarde.*

*Sempre te amará,*

*Benito Pérez Galdós"*

*Sentada na butaca na que adoitaba recostarme, as bágoas corren polas miñas meixelas como se realizasen unha carreira. É o primeiro día da miña última vida e estou a vivilo como se se tratase dunha vida enteira.*

*O meu labor está claro: debo recuperar o Pazo antes de que sexa tarde e dispoño de pouco máis de dous días.*

